

BASES DO CONCURSO DE TALENTOS NO MARCO do Festival Cómico “MondaRIR Balneario”.

A Concellería de Festexos do Concello do Mondariz Balneario convoca o Concurso de Novos Talentos nas artes cómicas. Configúrase como un concurso de monólogos dirixido ao descubrimento de novos talentos cuxo fin derradeiro é o de darse a coñecer en todos os seus ámbitos, impulsar actividades culturais no Concello do Mondariz Balneario, así como promover talentos emerxentes neste concurso.

Este concurso está dirixido a artistas afeccionados que desenvolven a súa vocación en todo o territorio nacional

ÁMBITO TEMPORAL

O concurso desenvolverase no Concello do Mondariz Balneario e quedará fixado nunha primeira fase preliminar (pechada ao público), ou preselección, o día 6 de Xullo na sala de cultura a partir das 18:00h. (Seleccionaranse 3 finalistas)

A final de adultos será o día 18 de Xullo ás 21,00 h na Lavandería do Gran Hotel, coincidindo co Comic-Fest do ano 2024. Onde cada finalista terá 20 min max para súa actuación.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas que o desexen, con límite de idade:

- Maiores de 16 anos en diante.

Todos os/as artistas participarán coas mesmas condicións (mesmo espazo, mesmos medios), polo que o resultado dependerá da súa actuación e calidade persoal.

O prazo de inscrición abrirase o día seguinte á publicación destas bases e rematará o día 30 de xuño, en horario de luns a venres de 8,30 a 14,30 horas, nas dependencias do Rexistro do Concello do Mondariz Balneario ou ben pola sede electrónica mediante unha instancia xeral.

O tempo de actuación será de 5 minutos como máximo.

!

XURADO

O xurado estará constituído por un comité de observación e valoración nomeado por resolución de Alcaldía, formado por membros do Concello e especialistas no campo artístico, sempre en número impar.

PREMIOS

- Primeiro premio: Bono valorado en 200,00 euros e obsequio
- Segundo premio: Bono valorado en 100,00 euros e obsequio
- Terceiro premio: Bono valorado en 50,00 euros e obsequio

Os premios estarán suxeitos ao IRPF que marca a Lei de aplicación.

REQUISITOS DE ACTUACIÓN

A temática e o idioma son libres.

Non poderán participar, quedando automaticamente excluídas, aquelas persoas concursantes que utilicen termos vulgares, ou intimidatorios, de carácter racista ou discriminatorio.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os/as concursantes cederanlle ao Concello os dereitos de explotación relativos á fixación, reprodución, distribución e comunicación pública polo tempo máximo que estipula o Real decreto 1/1996, do día 12 de abril, polo que se aproba o TR da Lei de propiedade intelectual e segundo as mesmas características descritas para os dereitos de Propiedade Intelectual das persoas autoras ao que fosen de aplicación, sempre e cando as cancións sexan orixinais.

PERÍODO DE RECLAMACIÓNS

Este período rematará unha vez transcorridos dous días hábiles dende que se publiquen os resultados. O Concello resérvase o dereito a seleccionar unha persoa gañadora alternativa no caso de que se teñan motivos razoables de que algunha das persoas participantes alterase a participación normal do concurso.

PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse na web do Concello do Mondariz Balneario, nas súas redes sociais e noutros medios de comunicación.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación expresa e sen reservas das presentes bases, ás que se poderá acceder dende www.mondarizbalneario.gal. O incumprimento das bases por parte das persoas participantes determinará a súa inmediata descualificación.

XURISDICIÓN APLICABLE

Todo litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultante da execución ou interpretación das presentes bases será resolto polos xulgados ou tribunais competentes por razón do lugar de celebración do concurso, ao que se someten as partes, con renuncia a outra xurisdición que puidese corresponder por outras causas.

César Gil Bernárdez
Alcalde de Mondariz Balneario

